

# IRIMIA



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XLI  
Nº 1048  
De abril a  
maio de 2023

Benia quen constrúe  
a paz!



Obreiros da Galicia soñada

Obreiros da Galicia

# A foto que fala

A inflación e a necesidade de tomar medidas para as maiorías sociais.



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Galatinos

Dando clase de lingua e cultura galegas ás novas galegas e galegos, inmigrantes latinos, apréndese tanto ou máis do que se ensina. Bendita oportunidade.

Mesturamos as receitas de *Larpeiros* -as economicamente accesibles, calculándolles o prezo- cos vídeos do *Dígocho eu*; traballamos as diferenzas e semellanzas entre as arepas e as filloas; a colocación do átomo con “concursos de fraseo rápido” e o uso de expresións enxebres (moito rimos xuntos co de “Vaia trapallada!”, “Outra vaca no millo!” ou “Tarde piaches!”); e terzamos as cumbias en galego cos debates sobre Galicia como país épico, feito con bágoas e suor de emigrantes que noutrora marcharon aos países dos que eles agora veñen. Algúns sabían. Para outras, toda unha descuberta.

O cousa dá de si. Teñen feridas. E curacións. Un rapaz venezolano, moreno, preto dos trinta, lamenta a falta de cortesía e empatía espontánea, ese cambiar a mirada para non saudar, sentirse permanentemente igno-

rado. Pero conta: “Non obstante, outro día estaba no súper e tiña unha postura rara, apoiando todo o meu corpo sobre o carriño. En realidade miraba o móbil, pero unha señora ben maior achegouseme por detrás, tocoume e preguntou toda cariñosa: “Estás ben, rapaz? Pásache algo?” Só iso. E foi o mellor que me pasou desde que estou aquí”.

Unha moza dominicana nos seus vinte e tantos, ben simpática por certo, “racializada” -como se adoita dicir nestes tempos correctos- retruca: “Eu ía sentada no bus. Sobee unha señora. Un rapaz novo cédelle o asento. Pero ela di que non, que era eu a que tiña que erguerme e deixarlle o meu sitio”. A mente váiseme a 1955, Montgomery

(Alabama), Rosa Parks. Pero non digo nada. Deixo que a cousa flúa.

Outra rapaza do seu tempo conta que na Coruña, sentíndose perdida nunha praza, quixo preguntarlles ás persoas que pasaban, pero non había maneira, todas se botaban a un lado. Aínda con todo, as dúas rapazas coinciden en como as namoran a tranquilidade e a seguridade que senten en Galicia e a nosa cultura propia. Que lles parece moi orixinal que a xente de Galicia “destaque” a súa propia lingua. Un mozo colombiano remata a xogada: “Mesmo se podería pensar que isto é un mini país”.

Quedo caladiño, remoendo. Que está pasando aquí? Igual son unha mala influencia.



## Obreiros da Galicia soñada

Traemos a este número, por diferentes e complementarios motivos, as figuras e a sentida homenaxe a Moncho Valcarce e a Paco del Riego.

Quizais a gran diferenza entre os tempos que eles viviron e representaron e os que agora estamos a vivir é aquela capacidade de visionar, anticipar e traballar por un futuro propio, mellor e máis xusto para Galicia. As razóns poden ser xeracionais, culturais, quizais tecnolóxico-dixitais, pero nin a capacidade de soñar nin a de comprometer a propia existencia nunha causa semellante son agora, nos tempos da “solidariedade a un *click*”, algo que convoque, motive e mobilice o público coa mesma enerxía, nin un motivo suficiente para ilusionar e comprometer vidas, militancias e decisións a “longo prazo”, como pasou en tempos presuntamente máis adversos.

Os perfís das súas biografías son diferentes; os seus métodos, prioridades e estratexias, tamén.

Hai, non obstante, elementos clave que compartían. Un dos máis salientables, máis necesario e menos común era o sentido de servizo.

Moncho Valcarce, como un Francisco de Asís da modernidade, íspese da súa propia roupaxe de clase e extracción social e mergúllase en corpo, mente e corazón nas comunidades humanas daquela Galicia labrega en conflitiva transición cara a non se sabía -sábese hoxe?- onde. Os detalles de como o vive e como o fai -moitos deles pequenos, pero reveladores que se contan neste número- si importan: o respecto pola xente, o acompañamento, a sinxeleza, o ofrecemento persoal para liderar ou para deixar sitio, a capacidade de transmitir a propia fe e ilusión desde a amizade duradeira.

Don Paco era outro obreiro incansable. Chama moitísimo a atención como a persoa que quizais máis horas e esforzo intelectual, organizativo e “escriturístico” dedicou durante a ditadura e a transición á causa da galeguidade non “sume” o currículo bibliográfico do que outros. Sempre nese segundo plano: o dos indispensables, o dos facilitadores. Fixo posible desde detrás do pano que a obra se representase: Grial, a Revista de economía de Galicia, a editorial Galaxia, a Fundación Penzol etc. Benvida homenaxe!

Os seus perfís e estratexias son diferentes, mais compartían un extraordinario e imprescindible sentido de servizo

### O noso taboleiro

A Irmandade Moncho Valcarce convoca unha comida-homenaxe a Moncho Valcarce, con ocasión do seu 30 cabodano e a entrega dos Premios Moncho Valcarce. Está previsto que se celebre na Coruña o día 10 de xuño ás 2 da tarde no Hotel Plaza, rúa Santiago Fernández Latorre, 45 (zona de Catro Camiños).

Para inscribirse, cómpre facer o pago na conta de Abanca 2080 0000 7930 4026 5997, previa comunicación telefónica da asistencia e detalles necesarios no número 660 346 182.

## As municipais van alén do que parece

As eleccións municipais, malia seren primordialmente locais, teñen adoito unha incidencia estatal. Exemplo paradigmático disto foron as municipais do ano 1931, que trouxeron nada menos que a II República.

Unha república —aínda que distinta— volverá inexorablemente. A “monarquía parlamentaria” está amortizada e fracasada; non deu eliminado, nin sequera reducido, o peor herdo do franquismo: a corrupción. É máis, a pedra angular política que sostén as fortunas amasadas no latrocinio franquista, o seu *modus operandi* e a supervivencia da corrupción —hoxe incrustada en institucións fundamentais— é a Coroa.

O caso máis relevante e visible disto é, seguramente, o da xustiza. Sen a máis mínima depuración, pasou da ditadura á democracia e ata mantivo vivos instrumentos franquistas; foi o caso daquel nefasto tribunal extraordinario, o TOP, que deveu en Audiencia Nacional co pretexto de combater a ETA; falsa coartada, como demostra o feito da súa supervivencia tras a derrota e desaparición da banda armada.

É verdade que a xustiza española está xulgando e condenando un gran número de corruptos. Primeiro, porque hai moitos e, sobre todo, grazas á actuación, honesta e tecnicamente excelente, dun bo número de xuíces e xuízas. Pero tamén é certo que os casos xulgados son só a punta do iceberg e que demasiados corruptos son amparados, favorecidos ou exculpados e moitos delitos prescriben ou fanse prescribir.

Pero é obvio que, por necesario que sexa, as eleccións locais e autonómicas non van traer a república. Non está aínda na “axenda” político-reivindica-


tiva da cidadanía. O que non lle resta evidencia ao influxo extraordinario das eleccións locais na política nacional. Repercusión querida e estimulada por todos: polo aparato político e a mesma percepción social, construída desde a trama mediática, maiormente mercenaria.

Esta repercusión nacional das municipais non traerá a república, pero si pode axudar a que haxa un ou outro goberno: un de centro esquerda (como moito, non nos enganemos), semellante á actual coalición PSOE-PODEMOS, ou un de dereita e extrema dereita, co PP e VOX. Nisto si van influír estas eleccións, queirámolo ou non.

En todo caso, a república ha chegar inexorablemente, nun “máis-cedo-ca-tarde-político”, pero, iso si, de xeito distinto. Se se parte dun goberno de centro esquerda, chegarase á república pola vía estritamente democrática. Quizais de forma lenta, custosa e dura, mais sempre pacífica. No caso dun goberno das dereitas reaccionarias, non sei eu como se chegará á república, pero moito temo que, vista a súa inexorabilidade -a da república- e a resistencia reaccionaria, tal vez custe moito “esfuerzo, suor, bágoas”... e posiblemente “sangue”. Pero vai ti saber se a cousa, paradoxalmente, non sería máis rápida coas dereitas ca co centro-esquerda, aínda que, iso si, traxicamente máis violenta.

En todo caso, coido que estas eleccións van alén do que poida parecer e os e as votantes deberían telo moi en conta.

**As municipais non traerán a república, pero poden axudar a que haxa un ou outro goberno**





# ...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

TRMIA

## Ollos de dragón

Cando andaba polas rúas de **Beijing**, vía como os pequenos escapaban dela atemorizados. Ao principio pensou que se lles faría raro ver unha occidental ou se sería polo aparatoso hábito das xesuítas, pero non acababa de quedar convencida. Beijing era unha gran cidade, non estaban nunha remota aldea e, ademais, ás outras irmás non lles pasaba iso, nin tampouco a outros “narices longas” que pululaban pola capital. Non tardou en saber o que pasaba, os nenos chamábanlle “**ollos de dragón**”, polo seu azul intenso, como os do seu irmán Paco. **Ana María** dáballes medo, non porque o dragón fose un animal de mala sorte, pois é un símbolo positivo na cultura chinesa, senón porque é un animal poderoso, a representación mesma do emperador.

**Ana María Fernández del Riego** é a sétima dos once fillos que tiveron Amada e Vicente. O maior era **Francisco, Paco**, a quen se lle dedica o Día das Letras galegas deste ano; festa que, por certo, foi unha invención súa no 1963. Ten 101 anos, vai facer 102 en setembro. Fisicamente esta moi fráxil, como se pode supoñer, pero cunha cabeza privilexiada. Vive nunha residencia que as *Irmás de María* teñen en Granada. Estaba en China cando triunfou a revolución de **Mao Zedong** e permaneceu na nacente República Popular cinco anos, ata que foron expulsadas do país, acusadas de seren espías norteamericanas. De China foi a Hong-Kong, logo a Filipinas, despois a Taiwán, volta Filipinas. Regresou a Galicia, a Vigo, no comezo dos anos setenta, o momento no que todos os Fernández del Riego se volveron xuntar nunha mesma cidade.



Deixou testemuño da súas vivencias en China nunhas memorias, hoxe, por desgraza difíciles de atopar, *Ojos de dragón*. Memorias nas que conviven prexuízos e convencionalismos propios da época con brillantes análises políticas (o papel de Mao como unificador, a realidade da China continental e insular...) ou sobre a evangelización. Ana María destaca a necesidade non só de falar chinés, senón de entender e valorar a cultura do país antes de calquera intento de predicar nada. O que hoxe chamamos “inculturización”.

Estou case seguro de que esta descuberta en China foi a que a levou a participar no movemento para a galeguización da liturxia cando volve a Galicia. Isto e a influencia doutro Fernández del Riego, o seu irmán **Domingo**, un dos fundadores da **SEPT**, e do **Padre Seixas**.

Descubrí a Ana María, e dalgún xeito tamén a Domingo, traballando na obra e na vida de Paco del Riego. Unha obra inmensa e unha vida de entrega absoluta ao noso país. Vida e obra nas que a valía persoal do personaxe son fundamentais, pero que non se poden entender completamente se non miramos a súa contorna. Eu aí atopei a Ana María, unha relixiosa, unha galega lúcida que nos axudou a entender mellor o mundo.

**Regresou a Vigo nos setenta, cando todos os Fernández del Riego se volven xuntar nunha mesma cidade**

# O peto do Santo Antón

Ruén Aramburu



A cousa comezou na Armenteira: nunha can-teira e cunha acampada, no ano 1973 nacía a Pascua Xove de Arousa. Na segunda semana da Pascua celebrouse no colexio das Filipenses de Vilagarcía a 50 edición. Había oito anos que rematara o Concilio Vaticano II e inzaban por todo o mundo novas experiencias pastorais impulsadas pola primavera eclesial. Xaime Vaamonde, un cura mozo e creativo entende que hai que abrir novos camiños e linguaxes para unha mocidade que comeza a desconectar do formato relixioso oficial. Son os tempos de Xesucrito Superstar, do gopell, dos *happening*, da teo-loxía da liberación, da misa campesiña... Toda unha fervenza revolucionaria. O grupo musical Airiños estivo no berce da historia, virían logo Cantareliña, As Romaxes... A Pascua Xove organizouse nun potente, democrático e profético secretariado, onde o irimego Pepe Manteiga foi parte fundamental. José Aldao, cura resistente desde as orixes da Pascua, foi este ano presen-za luminosa, xunto ao cantautor Migueli, tantos veces presente na experiencia. PAGA A PENA SEGUIR foi o lema desta edición. Non é nada, cos tempos que corren. Manuel Cachaldora, pá-rroco da Xunqueira coordina con ánimo e alegría as pascuas das últimas décadas, acompañado dun grande equipo de monitores, músicos e volunta-rios. PAGA A PENA apoiar esta experiencia, en tempos mirada con desconfianza. Os 300 mozos e mozas que percorreron o Camiño de Emaús ata a alegre igrexa da Xunqueira así nolo amosan. Pa-rabéns, Pascua Xove!



O bispo Jacques Gaillot foi tamén unha estrela lumi-nosa nestes anos primaverais. Descolgouse da oficiali-dade e arrimou a desposuídos, inmigrantes, represalia-dos e xentes desbotadas. Foi apartado da diocese polo Vaticano. Xurdiu entón unha diocese virtual: Partenia, con milleiros de seguidores en todo o mundo. Foi pro-feta e mártir en vida. *Unha igrexa que non serve, non serve para nada* é o título dun libro seu contundente e subversivo. Un día xantamos con el en Santiago e, falando sobre a catequese, deixouunos unha advertencia pastoral: “A catequese de nenos é escribir sobre a area; a de adultos é gravar na rocha”. Pasado o tempo, os bispos franceses acolleron de novo a Gaillot e o Papa Francisco recibíuno con agarimo no Vaticano. Gaillot foi coma Xesús camiñando sobre o mar. Mágoa que non lle fixesen caso. Faleceu na octava de Pascua. Obri-gados, irmán monseñor!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# O peto común

Teresa Souto Loira



TRIMIA

Pensei en tentar escribir algo en linguaxe “adolescente” ou da xeración Z; entón, tras a recompilación de datos, traballo de observación de campo etc. (as bibliotecas universitarias e as saídas do instituto son un bo contexto), creo que debo comezar por “Bro?... de brother!!! Cando te dirixes a alguén, dis “Bro”. Preguntei por que non “Sis”, de sister, máis inclusivo, e explicáronme que non, que só se leva “Bro” (ala, outra vez desaparecidas e invisibilizadas as mulleres!). Despois descubrín que para dar unha explicación de algo que sucedeu, algo que queres etc., dis “En plan... ..” e moitos puntos suspensivos, como que a outra persoa ten que imaxinar; ou “Literal”; que vén sendo “Como cho conto, sabes?” Outra expresión para asegurarte de que con quen interactúas entendeu algo. E se queres afirmar que algo che gusta ou que estás de acordo, dis “De tolos!” ou “Réntame!”, que é algo así como “Vaime ben ese plan, gústame o que dis...” A verdade é que é ata divertido, tes que aprender poucas palabras, como unhas seis ou sete, e pór a cara acorde coa expresión, mentres xesticulas coas mans. Tentei ser observadora participante, mais non se me deu moi ben, utilizo moitas outras verbas que non están de moda e uso as expresións modernas de forma moi forzada. Desistín. Pero polo menos ao escoitalas/os, sabemos que están interactuando e podemos descifrar algún contido!



## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Supoño que todos coñecedes a situación de que te atopas cunha persoa que ten gañas de contarche algo porque tena tan metida no peito que se non o conta, rebenta. O outro día pasoume iso. Chegoume un compañeiro e a pouco de saudarme díxome: A que non sabes...? E contoume esta historia na que debo ocultar algunha cousiña, pero en esencia é como vola conto.

A nai deste amigo levaba cincuenta anos preguntándose que sería da súa avoa. Contáronlle que ela tivera a súa nai no ano 36 e que daquela estaba na chaira castelá. Deu a luz a unha nena (a nai da nai do meu amigo, non sei se me seguides) e colleu unha gran depresión. Ingresou no que chamaban daquela un manicomio castelán e o seu pai fíxose cargo, daquela maneira, da súa filla e esqueceu a súa muller. Chegou a guerra e a pista perdeuse. O psiquiátrico, durante a guerra, deixou de selo e os enfermos foran trasladados polo país adiante. Anos despois a nai do meu amigo preguntara e díxéronlle que fora a un psiquiátrico no



noroeste de España. Chamou a diferentes hospitais, pero ninguén lle deu razón.

No monte Gaiás inauguraron unha exposición chamada “Voces olvidadas. As mulleres do hospital de Conxo”. Alí foi a señora e descubriu nun documento que alí estaba a súa avoa. A señora estaba emocionadísima porque supoño que atoparse con alguén perdido, que é sangue do teu sangue, ten que ser algo especial. Agora xa sabe onde está enterrada. Algo teñen os entregos para que os respectemos tanto. Se cadra, están máis presentes do que pensamos.



Iniciouse, á par da campaña da declaración do IRPF, outra paralela en favor da **OBXECCIÓN FISCAL**, apoiada por distintos colectivos. O obxectivo é cuestionar e impedir o financiamento da guerra, apoiando a un tempo outras causas sociais e concienciar a cidadanía sobre o efecto lesivo do gasto militar e dos enfrontamentos armados.



O proxecto aRi[t]mar ten como obxectivo a divulgación da música e da poesía galego-portuguesas, procurando a interacción, a divulgación e o achegamento das dúas culturas no marco da Lei Valentín Paz-Andrade. Entre as súas propostas está a convocatoria do **PREMIO Á MELLOR POESÍA**, que na súa edición do ano 2022 ten 20 finalistas para o premio na Galiza e outras tantas para Portugal. O prazo para a votación popular, que se fai a través da páxina web [aritmargal.com](http://aritmargal.com), remata o 14 de maio.



Rosario, Ana, Montse, Felisa e Mercedes, **LEILÍA**, pechan o círculo 30 anos despois e despídense como grupo coa xira “Vidas cantadas”, que levarán por distintos lugares de Galicia. Elas recolleron das mulleres unha tradición de canto e pandeireta que esmorecía, dignificándoa dun xeito que hoxe é máis que recoñecible na música galega.



Un estudo publicado na revista científica *Cell* demostra que as **PLANTAS** tamén expresan o seu malestar cando teñen falta de auga ou mesmo cando sofren cortes e fano a través de sons. Para os seres humanos, estes ruídos, semellantes aos que se xeran ao estoupar un plástico de burbullas, son imperceptibles, o que non acontece con determinados insectos e mamíferos, como os ratos, que si son quen de percibilos.



Os **FLUXOS MIGRATORIOS** cara aos EE.UU. dende América central seguen a incrementarse, malia as fortes medidas en contra da Administración estadounidense. No pasado ano detivéronse preto de 2,4 millóns de persoas na fronteira sur. O discurso dominante sobre a migración continúa insistindo na razón económica e na procura de novas oportunidades para migrar, mais a maioría dos migrantes, sobre todo as mulleres, foxen de situacións extremas de violencia e desigualdade.



**MJ PÉREZ** leva publicados 4 traballos discográficos dende que iniciou a súa andaina no ano 2014. Dende entón, tras varias participacións en distintos premios (foi finalista do Martín Códax e gañadora do Xuventude Crea) ofreceu máis de 150 concertos por toda Galiza e Portugal. A súa música evolucionou e mestúrase agora con ritmos latinos e música de raíz. No seu cuarto álbum, “A luz prendida”, colaboran con ela moitas outras grandes músicas.

A Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega (**ALINGUA**) promove e impulsa todas aquelas accións que persigan incrementar o uso da nosa lingua. Na campaña de 2023, “É túa. Pásaa!”, fai unha chamada á acción, a usala e transmitila. Na axenda da campaña figura unha web serie, entrevistas, novos recursos en galego e mesmo un tema musical propio, orixinal de Fátima Pego e Grande Amore.



“**AS QUE LIMPAN**” é o xeito no que a compañía de teatro *A Panadaría* fai visible a precariedade das limpadoras de pisos dos hoteis e a súa loita organizada en defensa dos seus dereitos sociais e laborais. Diante delas, a voracidade dos propietarios das cadeas hoteleiras e unha serie de preguntas: É posible un turismo sostible? Pódese separar o traballo do xénero? Quen lle limpa á limpadora?

# Moncho, o noso amigo

Margarita Fontenla Coteló



Coñecino aló polo 1973, acabado de chegar á parroquia de Sésamo (Culleredo). Tiña sonda polas súas misas dos domingos e moita xente da Coruña -scouts, estudantes, obreiros...- íamos escoitar as súas homilías, a maioría das veces revolucionarias, sempre cun claro contido social. Fumador de Celtas empedernido, escribía 3 ou 4 frases (naqueles paquetes do viquingo) a xeito de guión e de aí saía a homilía. Nunca demos entendido como daquel pequeno paquete podían saír tan fondas homilías.

Era un acontecemento acudir por alí pola efervescencia da mocidade que convocaba, polo carisma que atraía a boa parte dos “progres” da época. A xente das aldeas tamén se sentía atraída por aquel crego rompedor e sinxelo, solidario e atípico, que rompía os esquemas dos clásicos cregos rurais. Non foi fácil, sobre todo cos veciños da aldea, ser aceptado. Pero co tempo non só era un veciño máis, senón que pobre daquel que se atrevese a dicir algo na súa contra.

Así comezou a miña amizade con el, a través de miña irmá Esther e meu cuñado Conde, que xa eran amigos de antes. E mantemos a amizade durante toda a vida.

En moitas ocasións acudía a el xente do campo con problemas (el pertencía aos CALL, Comités de Axuda á Loita Labrega) e sempre se prestaba para estar cabo do pobo, custase o que custase. Así acudiron das Encrobas, de Baldaio etc.

Era un facho que alumaba á xente para reclamar os seus dereitos e facía que perdesen o medo a reivindicar aquilo que era de xustiza. Dáballes forza e valentía para seguiren adiante.

Como non tiña coche nin carné, “usaba” os amigos nunha especie de abuso consentido para moverse, pois aquelas loitas requirían moita viaxe. Aí destacaba Eduardo de Sésamo, quen se fixo compañeiro inseparábel, no persoal e no político, pois compartiron actas de concelleiro en Culleredo.

Lembro con moito cariño aqueles xantares dos sábados na dos meus pais, con gratísimos faladoiros. Era un gran conversador e cando estaba eufórico, non paraba de falar. Poñíalle alcumes á xente, sen reparo ningún (“pachangas”, “intelectual”, “electricista”, “traxedias”...) e introducía eses alcumes da maneira máis natural.

Con estes últimos tivo moitas: coa xerarquía, e tamén con compañeiros de profesión, que vían perigar os seus intereses económicos (vodas, bautizos, funerais...), pois Moncho non cobraba.

Gozaba da música clásica, sobre todo pola noite, pois era un gran noctámbulo, escoitaba programas de música, á parte de radio París, radio Pirenaica...

Eu sempre o vin como unha persoa próxima, sinxela, que aglutinaba sensibilidades, anárquico e pouco protocolario, “rebelde” nas formas, revolucionario no fondo. De nova causábame grande admiración.

Gran devoto de San Cosme, organizaba as romarías o 26 de setembro; editaba “O Outeiro de San Cosme”, que recollía inquiredanzas e problemas da parroquia e lugares lindeiros. Sempre nos invitaba a xantar aos amigos, era festeiro. De feito, regalounos aos



## Cando enfermou de cancro, aceptouno de forma tranquila e natural, sen rebelarse

Encantábanlle os cativos e os vellos e na parroquia tiña “fans” nonaxenarias. Isto tiña o seu mérito, pois a chegada de Moncho á parroquia fora un *shock* polo cambio nos rituais das misas. Na súa vida eclesíastica pasou por moitas: reprimendas, castigos, “expulsión a Salamanca”..., pero nunca deixou de ter un profundo sentimento de pertenza ao pobo.

Non aturaba os caciques nin de lonxe, nin os políticos nin os eclesiásti-

máis achegados, antes de falecer, un sancosmiño de Sargadelos.

Xa nas Pontes, vivindo en comunidade, viámolo menos veces, non viña tanto pola Coruña, aínda que cando se achegaba á casa das irmás e da nai, pasaba sempre pola nosa, a ver a Muñiz, e falaban de política.

Cando enfermou de cancro, aceptouno de forma tranquila e natural, sen rebelarse, todo o contrario. Levou a enfermidade escribindo moitísimo,

como se se lle fose a vida niso. Lembro chegar á casa da nai a botarlles unha man ás irmás, e se estaba escribindo, agoniábase e botábanos fóra, con preza por anotar aquilo que estivera pensando. Só lle importaba iso, escribir e escribir, antes de que se lle acabase o tempo.

Cando morreu, chorei moito. Era un deses amigos que deixan unha gran pegada, alguén singular, único e que me marcou profundamente.



## A política que non serve, ...para nada serve

Beatriz Pérez Mosquera

Un día de abril, en Compostela, na sala habilitada para o público no xuízo do Alvia, declaran vítimas do tren. Jesús (Cotolo), presidente da *Plataforma de Vítimas*, declara que *cando foi quen de estar algo mellor, preguntouse o porqué daquel mal chamado accidente e de aí, con todo o que ía descubriendo, creou con outras persoas a plataforma*. Estou soa na sala e lembro a Moncho Valcarce: estaría aquí ao meu carón para evitar que se perdan no caixón do esquecemento, como tantas outras causas que día a día nos desaffan.

Vou a Culleredo, ao concello, e subo as escaleiras. Xusto diante da porta do despacho do alcalde, atópome outra vez con el, nun cadro, a imaxe de Moncho, honesta e comprometida. Oxalá o qlue entra nese despacho todos os días, aprendese un pouco do que foi Moncho no Concello de Culleredo, polo que tanto traballou e do que segue a significar para toda Galiza. Pero isto sería xa conto doutra historia, como que non lle puxesen o seu nome a un colexio porque disque era unha persoa pouco coñecida.

Comezaba coas vítimas do Alvia porque un dos primeiros rogos nun pleno de Moncho Valcarce foi para referirse ás Encrobas e ao que alí estaba

a pasar, para que o pleno se solidarizase cos feridos e detidos.

Ten que saberse: houbo un tempo no que a rapazada de Culleredo, na parroquia de Rutis, non tiña colexio. Non. Había un par de baixos (por chamosos dalgún xeito) nos que tiñamos clase. A creación do colexio *Sofía Casanova*, así como outras escolas para os máis cativos, fixéronse grazas ao seu compromiso. Os concursos literarios, a lingua galega na Administración pública ou a memoria, propoñendo o nome da rúa *Emilio Suárez Valdés*, alumno da Universidade Laboral, que morreu electrocutado colocando unha pancarta de loita polos intereses das clases populares galegas.

Podería seguir debullando detalles da súa capacidade non só de estar ao carón de quen máis o necesitaba, mais tamén daquel especial carácter da súa actuación institucional: a política como servizo fronte á política como lucro, a política ao servizo da veciñanza. A política como acción que vai precedida da concienciación máis profunda. O amor á terra. Terra para a que foi semente, semente para moitas veciñas e veciños. ¡

Deixas un fondo ronsel nas nosas vidas. Seguimos a túa loita, a nosa loita.

E non lle puxeron o seu nome a un colexio porque disque era alguén pouco coñecido



# Moncho: um cura místico e rebelde

Victorino Pérez Prieto

Moncho Valcarce foi sobretudo um cura: “o cura das Encrobas”, ainda que a sua paróquia foi Sésamo. Ser padre não foi para ele algo secundário, mas algo fundamental: a raiz do seu compromisso com os labregos e com Galiza. A sua identidade como padre e o seu compromisso nacionalista-revolucionário estiveram sempre unidos desde que descobriu o que significava realmente ser cristão: “Vós fixestes de min un crego, e un crego galego –escreve nos seus diários falando da xente de Sésamo-. Vós ensinástesme a vivir o Evanxeo libertador, que esixe viver a realidade, servir, non ser servido” <sup>1</sup>

Porém, não soube entendê-lo a sua Igreja. Tampouco o entenderam bem os camaradas da política; e o povo... só um pouco. Quando morreu publiquei um artigo que ainda me parece atual: “Moncho Valcarce, el ultimo cura comunista” (*Alandar*).

Porque Moncho não era da casta clerical. Estava nas antípodas dos “desertores do arado”; fez o caminho inverso e quis por vontade própria ser realmente um “cura galego”, ainda que isto o convertesse num “cura maldito”: “Vexo a miña misión como crego tal como a realicei dende que me ordenaron, o que supuxo e supón cadeas, golpes, torturas e moito medo e desgustos”, escreve no *Diario de Exericios Espirituais* <sup>2</sup>.

Em Sésamo, pratica um novo estilo pastoral: gratuidade do ministério, singularidade e compromisso com a realidade social do povo, galeguização da liturgia e compromisso sociopolítico. “O meu servizo político foi e é unha obriga da miña fidelidade a Xesús e o meu amor ao pobo, que non son cousas diferentes, senón unha soa fe e un só amor, que trae como consecuencia inevitable a cruz”<sup>3</sup>



Mas, ademais de padre e militante, Moncho era um místico. A mística leva a uma maior implicação na realidade. Uma Realidade que é única, quando é vista de maneira não dualista, além das divisões matéria-espírito, Deus-Mundo. A mística como experiência de que não há separação entre Deus e o ser humano, mas um *espertar a Consciência Divina* em nós, experiência da Unidade.

Chama a atenção nos textos de Moncho o deveso dos místicos: “ser *um* com Deus”; estar intimamente unido a Ele; sentir-se até tal ponto vinculado a Ele “que os dois sejamos um”, escreve no *Caderno verde* (no livro citado). No *Diario de Exericios Espirituais* fala da sua espiritualidade como “união com o Um”, e com tudo. Merece a pena ler para rematar este texto seu:

“Un *non instalado* ten agarimo a *todo*, sempre amará a *totalidade*... É coma un profeta! Ao profeta móveo Deus, a *totalidade*, e decátase que ante *o Todo*, o particular non é ren... Todos somos *Un!*... Deixa que Xesús entre en Ti... Comprenderás o *Un*, non serás nin un ladrón, nin un mercenario que só anda pola paga”.

“O meu servizo político é unha obriga da fidelidade a Xesús e amor ao pobo, que non son cousas diferentes”

1- En *Moncho Valcarce. Un símbolo para Galiza*, A Coruña 2010.

2- Datado em Pontedeume em 1983. No livro citado

3- En *O compromiso sociopolítico dun presbítero*, no livro citado.



# Moncho, o compañeiro de militancia

Xosé Ramón Cendán (Pepe Ramón)

Empecei a escoitar a Moncho Valcarce no ano 1977, en grandes manifestacións, asembleas labregas e nalgúns mitins. Xa nos 80 coincidiamos en reunións, actos, algún encerro, tomar algo etc. E cara ao final dos 80 e primeira parte dos 90 até cerca do seu pasamento, á parte de compartir o activismo, faciamos por xantar xuntos dúas veces ao mes.

Fun un privilexiado. O escoitar e partillar con persoas referentes na teoría e na práctica da loita social, galegos, ou de moitas partes do mundo, créache unha actitude na vida: ser un cidadán non moldeable polos grandes poderes e útil no traballo colectivo a prol de condicións dignas para as máis desfavorecidas, traballadoras en xeral e labregas en particular. E un dos imprescindibles para min foi Moncho Valcarce.

Moncho é moi coñecido pola súa participación nesas loitas históricas. Axudaba a organizar, participaba, lideraba, como o comunicador excelente que era, tanto na acción política nacionalista como entre os cristiáns de base. Todo iso é ben coñecido e se non o é, velaí a web da “Irmandade Moncho Valcarce”.

Gustaríame destacar do Moncho a súa actitude positiva e próxima. Como, pese a ser crego, licenciado en Dereito e Teoloxía e vir dunha familia da burguesía coruñesa, relacionábase con todas as capas sociais urbanas e rurais, nenos e maiores, poñéndose ao seu nivel para entender e animar, “iso si, sen renunciar aos seus principios”.

Hai detalles reveladores: na Facultade de Teoloxía de Roma, foi un dos líderes da primeira folga nesta facultade. Nos conflitos duros, á parte das reunións, gustáballe visitar as casas para saber como entendían a reivindicación, que estaban dispostos

a facer, e xerar a confianza para seguir. Nos seus actos relixiosos, o mesmo quedaban encantados unha parella de activistas pouco relixiosos, que lle pedían a cerimonia do casamento -algúns coñecidos meus-, que as máis beatas do lugar. Cando foi concelleiro en Culleredo -que se o PSOE respectara o pacto, “debería ser alcalde”-, na súa área de cultura, chegado o verán, xa tiña executado o orzamento, andaba a buscar máis e tamén como facer actividades sen custo, para que a xente seguise tendo cultura e diversión.

Xa nas Pontes contábame nos xantares como daba o catecismo *tipo conto*, para que os nenos o vivisen e lles fose máis fácil. Ou tamén como a directora do Instituto Concertado, que era do Opus, lle entraba cando estaba na clase de relixión e dicíalle que se equivocara. Un día comentoulle á rapazada: “Esta directora moito se equivoca!”, e dixerónlle eles: “Non se equivoca, é que te vén vixiar!”.

Nas comidas, como eu fose ao baño, cando volvía, xa estaba con todo a

énfase partillando coa mesa do lado. Un día deses estaba cun rapaz que non coñecía e ao que lle gustaba o baloncesto, e xa estaba a ver como montaban o equipo que non había.

En fin, cando había conflitos persoais nas organizacións ou nas coordinadoras de loitas, el tentaba o entendemento, e sempre dicía que el ía estar alí onde se loitase polas necesidades e a dignidade da xente.

Moncho aparece en publicacións e vídeos defendendo o modo de produción labrego, baixo en insumos exteriores, de proximidade, propoñendo a venda directa sen intermediarios e argumentando en consonancia co que pode ser hoxe a agro-ecoloxía, a agricultura rexenerativa e a soberanía alimentaria dos pobos (nada menos). Por iso, sendo crego, tiña o carné número un do Sindicato Labrego Galego- Comisións Labregas, e seguíralle pertencendo.



Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria

## A Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria é recoñecida co premio Mulleres de Compostela 2023

O pasado 6 de marzo, as Mulleres Cristiás Galegas-Exeria recollimos nunha ateigada sala Mozart do Auditorio de Galicia o premio Mulleres de Compostela 2023. Con este acto, organizado pola Concellería de Igualdade, o Concello de Santiago recoñecía publicamente a traxectoria profesional e vital de nove mulleres e colectivos da cidade polo seu labor a prol da igualdade. A concelleira Mercedes Rosón (concelleira de Igualdade) salientou das premiadas: “Teñen algo en común: todas nos recoñecemos nelas, todas compartimos os seus aportes á igualdade e á vida de tantas mulleres que veñen detrás”.

Da Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria destacou que é un colectivo que reúne mulleres de toda Galicia que apostan pola defensa da igualdade dentro da Igrexa, dende a perspectiva das teoloxías feministas, destacando o noso compromiso coa cultura e a lingua galega. Marisa Vidal Collazo, coordinadora da Asociación, foi a encargada de agradecer o galardón que recollimos todas as compañeiras presentes no acto. Na recollida, portabamos carteis nos que se podían ver as caras e os nomes doutras mulleres que para nós son referentes de loita polo feminismo na Igrexa. No seu discurso de agradecemento, Marisa destacou como MCG-Exeria nace da sororidade e o apoio mutuo entre mulleres dentro e fóra da Igrexa, facendo propostas, denunciando inxustizas etc., interesadas en tecer outra Igrexa e outra Galicia posibles. Tivo tamén unhas palabras para “todas as que, dun xeito ou doutro, nestes 27 anos, formaron parte do noso proxecto e que hoxe non poden estar fisicamente aquí con nós, ben porque están xa do outro lado da vida ou ben porque o seu proceso vital as foi levando a outros lugares”. Non deixou tampouco de mencionar que “Diante delas, a nosa matroa, Exeria, que por fin ten o seu lugar no espazo urbano de Compostela. Elas son as nosas referentes de espiritualidade e acción”.

Para todas as Mulleres Cristiás Galegas, a velada foi unha auténtica festa. Ser recoñecidas e valoradas polo que somos échenos de orgullo e fainos fiar na esperanza dunha outra sociedade e unha outra igrexa posible.

Ser recoñecidas e valoradas polo que somos échenos de orgullo e fainos fiar na esperanza dunha outra sociedade e unha outra igrexa posible.





## Síndrome 1933

Téñolle pánico aos salvadores da patria... Preocúpame o avance da ultradereita. A ultradereita recomponse sempre, porque é centrípeta, non crea cara á fóra.

E cal sería o antídoto? ...A xustiza social: se queres debater coa ultradereita, fala en horizontal, de xustiza social, dos pobres. E se me din “Non é vostede un comunista, padre?”, dígolles: A miña carta de identidade está en Mateo 25, lédeo e a quen dixo iso que alí pon, dicídelle que é un comunista: *Tiven fame e déstesme de comer, sede e déstesme de beber, estaba espido e vestístesme, preso e viñéstesme visitar.*

Francisco (entrevista con Gustavo Sylvestre para a cadea C5N. Marzo de 2023)



Xesús Ferro Ruibal

## Francisco Fernández del Riego ou Don Paco del Riego

*Este ano nas Letras Galegas festexámo-la obra cultural e patriótica do escritor Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá 1913 – Vigo 2010), que só asinou co seu nome e apelidos unha parte pequena da obra inmensa que escribiu. Unha boa parte asinoua como Salvador Lorenzana (el era de Lourenzá) ou só poñía S.L. ou simplemente nada: publicaba como anónimo. Era a maneira de actuar dos homes de Galaxia. E curiosamente todos o coñecemos como Don Paco, no que o Don de respecto combina de maneira insólita co informal Paco. Hai xa vinte e un anos, moitos seguidores seus fixémoslle en Vigo unha homenaxe no teatro García Barbón, entregándolle no remate un libro no que algúns dos presentes fixerámo-lo retrato del con palabras nosas e con ilustracións de Antón Pulido<sup>1</sup>. Dese libro colectivo e do que alí se dixo extracto aquí (coa ortografía orixinal) algunhas cousas que xa se dixeran del e outras que nós tivemos a oportunidade de dicirlas alí publica e persoalmente nese 8.3.2002, cando el xa tiña a punta do pé nos 90 anos. E dixémosllas.*



<https://www.farodevigo.es/sociedad/2022/07/10/letras-galegas-2023-fernandez-riego-68170130.html>

### Orador político

*Coñecino presentando en Compostela a Castelao que ía dar unha conferencia na Universidade. A voz emocionada e profunda daquel estudante de Dereito era unha das firmes promesas para o noso futuro político e social (Felisa de Vilacoba). Orador ígneo, rotundo, imprecador e convincente (Marino Dónega). Chegou a ser mítica a súa caudalosa e ricaz oratoria de grande arrastre persuasivo (Benxamín Casal). De 1931 a 1936 foi un dos estudantes máis activos na prensa e na tribuna política (Camino Noia). ... [sendo] aínda estudante, dixo conferencias alternando –foi no Porto– co ilustre Leonardo Coimbra, o máis fulgurante verbo da elocuencia portuguesa moderna (Otero Pedrayo).*

### Caza-talentos e incitador de escritores

*É un caza-talentos para a cultura galega. Coas súas agudas e prudentes apreciacións ten posto a traballar por Galicia o melloriño da intelectualidade deste país (Pilar Díaz).*

*Promotor literario... que suscitou escritores coma Cunqueiro e Celso Emilio*

*e que animou o nacemento doutras editoriais (Xulián Maure).*

*Ameno, suxeridor, engaiolador nas tertulias (Marino Dónega), Don Paco foi o primeiro lector da **Escola de men-ciñeiros, As crónicas do Sochantre** e tantas outras obras, hoxe clásicas, da literatura galega (Benxamín Casal). Cunqueiro é, en parte, don Paco, ... todos somos un pouco don Paco (V. Freixanes).*

### Normativizador da lingua

*Coma os grandes editores do Renacemento veneciano ou parisino, Fernández Del Riego foi unificando a escrita variopinta dos autores e pulindo con sensibilidade académica localismos e idiotismos impropios dos rexistros cultos da lingua escrita (Xulián Maure).*

### Atención á correspondencia

*Son moitos os galeguistas dos tempos de Franco que confesaron que nos momentos de crise persoal e mesmo de prisión nunca lles faltou a carta de don Paco. El foi, polo que se ve, quen desde Vigo mantivo contacto máis intenso cos galeguistas exilados. Toda a correspondencia que de Castelao*

1- VVAA (2002): *Francisco Fernández del Riego. Homenaxe*. Portada e debuxos interiores de Antón Pulido. Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia; 228 páxs.



chegaba a Galicia pasaba pola man de Don Paco. E nesas cartas librouse unha loita fraternal entre os que estaban aquí e facían o que podían e os de fóra que esixían máis cousas. E nese esforzo logrouse o que se logrou. A elas debemos, coma tal, a edición da monumental *Historia de Galiza* (que parou no terceiro tomo) e o *Diccionario Enciclopédico* de Rodríguez González. En certa medida, nos tempos de Franco, Don Paco viña sendo, máis ou menos, o *Ministro de Asuntos Exteriores da galeguidade*, como dixo Ramón Piñeiro.

Engadirei algo: Don Paco foi para moitos galeguistas un segundo pai.

#### **Discreta pero intensa atención á infraestrutura espiritual de Galicia**

El non estaba a facer curriculum. *Agachou a súa ricaz personalidade embaixo de encubridores pseudónimos* (Marino Dónega). *Non sabes se estás con Salvador Lorenzana, con Cosme Barreiros, con Adrián Solovio, con Adrián Soutelo ou co mesmísimo Francisco Fernández Del Riego. Pero dunha cousa acabas sempre seguro: de que se pode loitar sen angustia e traballar con esperanza, de que a vida segue a deitar enerxía e de que o compromiso non está rifado co gozo* (A.T. Queiruga). *Francisco, Salvador e Cosme, un trío de escritores que me facían estremecer de emoción [no exilio canadense], como si me estiveran a falar con verbas gari-mosas* (Felisa de Vilacoba).

Don Paco preocupouse durante 25 anos da infraestrutura de revistas decisivas no seu momento coma *A Nosa Terra*, *Ser*, *Alento*, *Galicia Emigrante*, *Revista de Economía de Galicia* e sobre todo de *Grial*. En todas elas, aínda que é máis coñecido na última, foi o obreiro milmañas que buscaba colaboracións, que enchía as páxinas que quedaban baleiras, que atendía a infraestrutura do prelo e do correo.



En 1972 con Díaz Pardo, Piñeiro e García Sabell no museo de arte contemporánea Carlos Maside

*Cumpliu un labor non superado na bibliografía galega, na fabricación do libro, no rigor editorial, consecuente co seu saber e ética* (Díaz Pardo). *A súa presenza nas 'Edicións do Castro' foi e é importante* (Díaz Pardo).

*Home dinámico, sempre mozo de sorriso e de espírito* (Benxamín Casal).

#### **Dionisiaco e apolíneo**

Este don Paco, a quen lle gustaba o tango e o pasodobre e recita-las Campanas de Anllóns con voz de tribuno, tiña tanto horror á cebola coma a que na mesa de traballo lle desordenasen o abrecartas ou os bolígrafos. Era traballador disciplinado e calado.

*Era socio do Celta, entendido en viños, perito en manxares enxebres, amigo de viaxar, compañeiro de farras gastronómicas co mesmo don Ramón Otero Pedrayo, admirador da alma e do corpo de Sofía Loren, devoto das boas cancións tabernarias, ... Dito doutro xeito, Del Riego era partidario da policromía da vida* (Alonso Montero).

*E xunto a iso, a conciencia de que, detrás da exuberancia vital e do talento dionisiaco [del], estaba a disciplina*

nos tempos de  
Franco, Don  
Paco viña sendo,  
máis ou menos,  
o Ministro de  
Asuntos Exteriores  
da galeguidade

*prusiana do intelectual, madrugador puntual e traballador impenitente, que repasa orixinais, que con puntualidade helvética organiza a revista Grial e que, incansable, escribe investigacións e artigos sobre o total espectro do universo histórico e sobre todo literario. Apolo dándolle a man a Díónisos, a fantasía polos camiños da disciplina, a vida que non refuga as regras indispensables para a eficacia (Torres Queiruga)*

### Disciplina

*Traballador disciplinado e incansable (Marino Dónega). Currante de trepcentas horas amarrado ó duro banco do seu laboreo vario, a golpe de tecla de máquina de escribir, por acadar novos pulos para a república das letras do noso tempo... É mago porque posúe o alento que converte en esperanza o estudio e o esforzo persoal. Porque sabe anima-las obras alleas. (Pilar Díaz).*

*A política chamaba todas as mañás, moi cedo, á porta daquel mozo de Lourenzá e acompañouna sempre, inda nas épocas máis difíciles da nosa historia (Antón Fraguas). Paco fixo moito e bo por esta Galicia das nosas ansias e das nosas penas (Avelino Pouso Antelo).*

*A súa vontade férrea deseñou na adolescencia unhas severas metas, e foi construindo a vida propia como unha obra de arte e como un paradigma de dignidade persoal e de conducta democrática (Méndez Ferrín).*

*Tribuno da plebe que fai posible a liberdade e o acordo na súa negociación. Coa súa mediación téñense firmado os mellores convenios de Citroën e Indugasa e resolto outros conflitos sindicais, municipais e de toda Galicia (Pilar Díaz).*

### Perenne mocidade

*Ninguén entre nós é tan mozo de esprito como il é; ninguén tan xeneroso, tan abnegado, tan disposto ó sacrificio calado e continuo pola Terra; ninguén tan entusiasta e tan incasábel na defensa do noso pobo e do seu patrimonio espritoal e material; ninguén tan exemplar na súa lealtade integral –cáseque relixiosa – á noble causa de Galicia (Ramón Piñeiro). O metal áureo de que se compón Del Riego é parte principal do tesouro secreto da patria: a trabe invisíbel que aínda -¿por canto tempo? – sostén todo (Méndez Ferrín).*

Nestas Letras Galegas 2023 festexámo-la obra cultural e patriótica dun escritor que só asinou co seu nome e apelidos unha parte mínima de canto escribiu.

El non estaba a  
facer curriculum.  
Ninguén tan  
xeneroso, tan  
disposto ó  
sacrificio calado  
e continuo pola  
Terra

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilár, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedron, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## Manolo Sordo, corazón e tenrura

*Abril tróuxonos a nova do facelemento de Manolo Sordo. Leonés de nacemento, asturiano de sentimento, dominico, irimego... Manolo veu a Vigo hai máis de 50 anos a fundar unha nova casa e a facerse cargo dunha parroquia (o Cristo da Victoria) nun barrio en nacemento (Coia). Pero fixo máis ca iso: construíu, dende os seus cementos, unha comunidade cristiá. A vida foino levando, despois, por distintos sitios, pero acabou volvendo a Vigo no 2002. A continuación reproducimos un dos textos que a comunidade lle dicou no seu funeral. Manolo foi, e é, BOA NOVA.*

Manolo era, é, por encima de todo, tenrura... Un corazón que se daba a mans cheas a cada amiga, a cada irmán...

Manolo era, é, tenrura e regalo; regalo inmenso de tenrura a cada paso; mirada limpa; mans tendidas; amor sempre disposto a derramarse...

Manolo vivía con sinxela radicalidade, ao estilo de Xesús, o seu compromiso coa Vida, en maiúsculas, e encarnaba coma ninguén o amor fraterno... Valente para o esencial, expoñíase, dábase por enteiro, aínda a costa de desvelarse vulnerable, quizás porque intuía que só dende a nosa fragilidade máis íntima podemos construír unha verdadeira comunidade.

Manolo sabía facer, con absoluta sinxeleza, as cousas máis importantes: facía aflorar como se nada o máis valioso de cada persoa e camiñaba ao noso lado arroupando os nosos medos e inseguridades, celebrando cada pequena alegría ou sinxelamente compartindo un silencio fecundo de sentido...

Manolo priorizaba o escoiar sobre o predicar, o axudar e acompañar sobre o liderar, o coidar e acoller sobre o adoutrinar. Na súa humildade honesta e exemplar esquivaba calquera protagonismo, asumía coma poucos o servizo e a busca do último lugar, e facíao case sen querer, coa natural espontaneidade dun neno, rompendo así calquera xerarquía ou prexuízo.

**Manolo sabía  
facer, con absoluta  
sinxeleza, as cousas  
máis importantes**



Durante moitos anos, Manolo foi o acompañante incansable das mulleres, dos máis pequenos, das persoas maiores e enfermas..., dándonos exemplo de como construír o Reino aquí e agora, no cotiá, no diario vivir, no barrio.

En Asturias, en Vallecas, en Guatemala e, sobre todo, aquí, en Coia, Manolo deuse sen límite e foi enchendo tamén as súas mans e o seu corazón do amor sincero e agradecido dos que tivemos a sorte de coñecelo, acompañalo e amalo. E agora, cando celebrabamos xunto a el cincuenta anos de camiño, Manolo fóisenos reunirse con Deus Pai e Nai, no que tanto confiaba, co corazón do ceo e da terra, do que tantas veces nos falaba...

Botámoste tanto de menos xa, Manolo, amigo, irmán... Pero sentímonos agradecidas, agradecidos polo inmenso regalo de ter compartido a vida contigo... Sentimos, sentiremos sempre ao noso lado o cálido alento da túa voz, o eco das túas palabras amigables, o exemplo da túa espiritualidade comprometida, o sorriso amable, o abrazo acolledor, a paz que nos deches e nos deixaches...

Hoxe quizás nos dirías, coma tantas veces, “Prestoume moito!”; dirías “Quérote!”; dirías “Grazas!?” Así que hoxe, no medio desta profunda dor, felices de ter compartido a túa vida, dicimos tamén, cunha soa voz: “Pres-tounos moito, Manolo. Querémoste. Grazas!?” Grazas por tanto, por todo, por sempre... Aquí estás e aquí estarás... sementando de tenrura e amor as nosas vidas...



# IRIMA Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Palabras da hucha

Levamos moitos anos compartindo un tempinho de lería, así que ben sabedes que cando nos arrima para un lado, parece que xa non houbese máis...

A cousa é que agora que nos arrimara para pescar/rescatar palabras e expresións que se nos van, que se perden, cadrou que chegou ás nosas mans un artigo de Manuel Cabada Castro: "Palabras da hucha da memoria comunal".

Manuel é un xesuíta e filósofo de Sabucedo, do concello da Estrada. Si, saberedes de Sabucedo polos Premios Goya, pola película *As bestas*, por Sorogoyen, polos eólicos... Non entramos nesas remuíños porque se non, xa non damos escrito nada ao caso... (Enerxía eólica si, pero non así!!!!). Así e todo, o tema ben merece non dar puntada sen fío...

O caso é que el, tal e como o describe, quixo "salvar do seu naufraxio usos e expresións lingüísticas nosas que en tempos anteriores (...) eran de uso corrente". Moitas delas xa non figuran nos dicionarios actuais. É un gran traballo. Entre frases e expresións,


neste artigo fai unha lista de 66 rescates, pero se o ledes, poderedes sumarlle máis! A nós sempre nos tocan no corazónciño estas accións, claro, agora ben, esta quizais nos enternecese un pouquiño máis da conta porque unha de nós vive ben cerquiña de Quireza (aldea moi próxima a Sabucedo), de onde Manuel di que fai a súa colleita, e a avoíña Telós ía ao estraperlo a Quireza, a cabalo da súa besta Mora. Carrexou moito millo e parece que tamén moitas palabriñas e expresións que nos deixou na súa doce herdanza intanxible... Si, nesta lista atopamos unha chea de palabras que temos de noso, absolutamente integradas na nosa lingua de cada día, que nin cuestionabamos se son ou non normativas, quizais porque nunca as levamos á escrita porque pertencen a un rexistro coloquial.

A ver..., vós facedes as cousas de boa gana ou facédelas a muque? Esta évos unha expresión que nós utilizamos a diario na lingua coloquial; o caso é que non nos paramos a valorar que quizais non estivese recollida nos dicionarios e... efectivamente! "Muque"

non consta en ningún sitio! Pois moito temos comido a muque, sen ter ganiña ningunha ou porque non nos gustaba, e moito temos feito traballiños a muque, á forza, sen gana ningunha, porque nos mandaban ou nos obrigaban...

E vós estoupades clocos? Ou chamádeslles estalotes? Ou estralotes? Ou estoupeiras, abrulas, dedaleiras?

Podedes ler o artigo completo en <https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.31126.php>



## O fachineiro de don Paco

### Entusiasmo



Paco del Riego era unha figura inconfundible na cidade de Vigo, co seu pelo branco, co seu puro nos beizos, o seu traxe e gravata tomando un whisky nunha terraza próxima á Fundación Penzol, á que acudiu ata os últimos días da súa vida. Non é o momento de falar de detalles menores, de como espantaba os nenos con malas pulgas da librería de Álvarez Blázquez, senón do home que o foi todo na cultura galega. Non era dos que máis aparecía nas fotos, pero foi esa persoa sólida que durante oitenta anos estivo traballando decotío pola cultura. Dedicouse á narrativa, ao ensaio literario, á tradución e ata a revistas sectoriais. El foi a editorial Galaxia, a revista Grial, o académico, o presidente da RAG. Acompañou a todas as xeracións desde a república ata o 2010. O seu labor entusiasta e incansable fixeron del un esteo fundamental para que Galicia se mantivese en pé durante corenta anos de ditadura. E ademais el foi o inventor do Día das Letras Galegas. Un home imprescindible.

A.Q.